

ANUNCIO: LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDO PARA A COBERTURA DE 1 PRAZA DE ANIMADOR DEPORTIVO INCLUÍDA NA OEP PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL

Por Resolución da Alcaldía con número 778/2024 de data 22/11/2024 acordouse o seguinte:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDO PARA A COBERTURA DE 1 PRAZA DE ANIMADOR DEPORTIVO INCLUÍDA NA OEP PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL

EXPEDIENTE: 2024/G003/000829

ANTECEDENTES:

Logo de ver as Bases xerais que deben rexer a convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polos sistemas de concurso e de concurso-oposición establecidos na disposición adicional sexta e no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOP núm. 246 do 29/12/2022).

Logo de ver as Bases específicas que deben rexer a convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polos sistemas de concurso e de concurso-oposición establecidos na disposición adicional sexta e no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público en execución da oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal aprobada pola XGL en data 26/05/2022 (BOP núm. 246 do 29/12/2022).

Logo de ver o Recurso de reposición presentado en data 27.01.2023 (núm. 202399900000098) por Cristina Pedrosa Leis en representación do “COLEXIO OFICIAL DE LICENCIADOS EN EDUCACIÓN FÍSICA E EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE DE GALICIA”, contra as Bases da convocatoria no que atinxe á titulación esixida na Base cuarta das Bases específicas para o posto de Animador/a Deportivo/a. Solicítase no recurso a suspensión do acto impugnado.

Logo de ver o anuncio no BOE núm. 43 do 20.02.2023 polo que se abre o prazo de presentación de instancias.

Logo de ver o certificado do Rexistro Xeral de Entradas e Saídas do Concello de Melide (A Coruña) do 24.03.2023 no que consta presentada con relación á praza de Animador/a Deportivo/a, dentro do prazo, tan só unha instancia de participación presentada por Antonio Gómez Pérez en data 20.03.2023 (núm. 20230000001043).

Logo de ver o Decreto de Alcaldía núm. 394/2024 de data 12/06/2024 e asunto “*Providencia solicitude informes recurso de reposición interposto polo “Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia” en relación á titulación esixida na convocatoria excepcional de estabilización de 1 praza de animador/a deportivo/a” (EXP. 2024/G003/000404)*”.

Logo de ver o informe da técnica de Administración Xeral de data 13/06/2024 e asunto: “*Informe recurso de reposición interposto polo “Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia” en relación á titulación esixida na convocatoria excepcional de estabilización de 1 praza de animador/a deportivo/a” solicitado por Resolución de Alcaldía núm. 394/2024 de data 12/06/2024.*”, no que se conclúe:

“Procede dar traslado do recurso aos interesados no expediente (aspirantes no proceso selectivo) a fin de que nun prazo non inferior a 10 días nin superior a 15 a fin de que alegue canto estimen oportuno, de conformidade co establecido no art. 118 LPACAP.

Unha vez cumprimentado o trámite de audiencia aos interesados, previos os informes que resulten preceptivos, haberá de ditarse resolución nos termos sinalados no art. 119 LPACAP.

A suspensión da execución continuará en tanto non se dite resolución expresa do recurso.”

Logo de ver o Decreto de Alcaldía núm. 650/2024 de data 7/10/2024 e asunto: “*Traslado do recurso de reposición interposto polo “Colexio oficial de licenciados en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte de Galicia” en relación á titulación esixida na convocatoria excepcional de estabilización de 1 praza de animador/a deportivo/a” solicitado por resolución de alcaldía núm. 394/2024 de data 12/06/2024” (Expediente 2024/G003/000683)* polo que se resolve:

“PRIMEIRO. Admitir a trámite o Recurso de reposición presentado en data 27.01.2023 (núm. 202399900000098) por Cristina Pedrosa Leis en representación do “COLEXIO OFICIAL DE LICENCIADOS EN EDUCACIÓN FÍSICA E EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE DE GALICIA”, contra as Bases da convocatoria no que atinxe á titulación esixida na Base cuarta das Bases específicas para o posto de Animador/a Deportivo/a, solicitando a suspensión do acto impugnado. SEGUNDO. Dar un trámite de audiencia ao interesado no procedemento (aspirante no proceso selectivo), dándolle traslado do recurso formulado para que poida alegar, nun prazo de 10 días, o que ao seu Dereito conveña (artigo 118.2 da LPAC)”.

Logo de ver o certificado do Rexistro Xeral de Entradas e Saídas do Concello de Melide do 24.10.2024, no que se indica ademais, no que consta:

“En relación á resolución de data 7 de outubro de 2024 que leva por asunto: Traslado do recurso de reposición interposto polo Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia, en relación á titulación esixida na convocatoria excepcional de estabilización de 1 praza de animador/a deportivo/a solicitado por resolución de Alcaldía núm. 394/2024 de data 12/06/2024, na que se resolve entre outros puntos (...) dar un trámite de audiencia ao interesado no procedemento (aspirante no proceso selectivo), dándolle traslado do recurso formulado para que poida alegar, nun prazo de 10 días, o que ao seu dereito conveña (...).

O aspirante no proceso selectivo é Antonio Gómez Pérez (notificado o 8 de outubro de 2024).

O prazo de presentación de instancias foi do 8 ao 21 de outubro de 2024.”

Logo de consultar os Rexistros municipais, CERTIFICO que salvo erro ou omisión involuntaria, non foi recibida documentación nos Rexistros deste Concello ou a través do procedemento previsto no art.16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.”

Logo de ver o informe da técnica de Administración Xeral de data 25/10/2024 e asunto: “*Convocatoria excepcional de estabilización 1 praza de animador/a deportivo/a:*

recurso de reposición interposto por cristina pedrosa leis en representación do “Colexio oficial de licenciados en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte de Galicia” en relación á titulación esixida para o posto de animador/a deportivo/a, no que se conclúe o seguinte: *“Procede desestimar integramente o recurso de reposición interposto por Cristina Pedrosa Leis en representación do “Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia”, alzándose a suspensión da execución do acto impugnado e continuar coa tramitación do procedemento. A tal efecto, **déixase informada favorablemente a documentación achegada por Antonio Gómez Pérez**, único aspirante á praza de animador/a deportivo/a (entrada núm. 20230000001043)”*.

Logo de ver a Resolución nº 714/2024 de data 31/10/2024 de asunto: *“Desestimación do recurso de reposición interposto por cristina pedrosa leis en representación do “Colexio oficial de licenciados en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte de Galicia” en relación á titulación esixida para o posto de animador/a deportivo/a”*.

Logo de ver o informe da técnica de Administración Xeral de data 12/11/2024 e asunto: *“Informe sobre competencia resolución recurso de reposición interposto por Cristina Pedrosa Leis en representación do “Colexio oficial de licenciados en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte de Galicia”. expediente: 2022/E001/000012, no que se conclúe o seguinte:*

“Procede:

1º.- Deixar sen efecto o Decreto de Alcaldía núm. 714/2024 de data 31/10/2024 e asunto “desestimación do recurso de reposición interposto por Cristina Pedrosa Leis en representación do “Colexio oficial de licenciados en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte de Galicia” en relación á titulación esixida para o posto de animador/a deportivo/a (expediente:2024/G003/000745)”.

2º.- Que, previa proposta de Alcaldía, se resolva pola Xunta de Goberno Local o recurso de reposición interposto por Cristina Pedrosa Leis en representación do “Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividades Física e do Deporte en Galicia.”

Logo de ver o Decreto da Alcaldía nº 744/2024 de data 15/11/2024 e asunto: *“Decreto para deixar sen efecto a Resolución nº 714/2024 de data 31/10/2024 de asunto: Desestimación do recurso de reposición interposto por cristina pedrosa leis en representación do “Colexio oficial de licenciados en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte de Galicia” en relación á titulación esixida para o posto de animador/a deportivo/a”, no que se acorda:*

“PRIMEIRO.- Deixar sen efecto o Decreto de Alcaldía núm. 714/2024 de data 31/10/2024 e asunto: “Desestimación do recurso de reposición interposto por Cristina Pedrosa Leis en representación do “Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividades Física e do Deporte en Galicia” en relación á titulación esixida para o posto de animador/a deportivo/a (expediente:2024/G003/000745)”.

*SEGUNDO.- Formular proposta sobre o recurso de reposición interposto por Cristina Pedrosa Leis en representación do “Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividades Física e do Deporte en Galicia.” **para a súa resolución pola Xunta de Goberno Local.**”*

Logo de ver que na Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 21/11/2024 no seu punto núm. **“11. DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR CRISTINA PEDROSA LEIS EN REPRESENTACIÓN DO “COLEXIO OFICIAL DE LICENCIADOS EN EDUCACIÓN FÍSICA E EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE**

FÍSICA E DO DEPORTE DE GALICIA" EN RELACIÓN Á TITULACIÓN ESIXIDA PARA O POSTO DE ANIMADOR/A DEPORTIVO/A", se acordou:

"PRIMEIRO: desestimar integramente o recurso de reposición interposto por Cristina Pedrosa Leis en representación do "Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia.

SEGUNDO: alzar a suspensión da execución do acto impugnado e continuar coa tramitación do procedemento."

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte listaxe definitiva de admitidos/as definitivamente para a 1 praza de animador deportivo:

Nº	NOME	DNI
1	ANTONIO GÓMEZ PÉREZ	***8265**

SEGUNDO: Logo de ver o informe de Secretaría e Intervención con Ref.: 8, do 02.03.2022 de asunto: contratacións laborais temporais, modificacións de contratos, xestión de persoal, e en concreto o seu apartado 3 refírese á regulación do Tribunal ou Comisión Seleccionadora, estará composto polos seguintes membros:

PRESIDENTA/E: M^a José Rodríguez Gómez (ATS-DUE, Concello de Melide).
Suplente: Javier Siro Suárez Rodríguez (interventor xeral do Concello de Ordes).

SECRETARIA/O: Jesús Manuel Cea Vázquez (administrativo do Concello de Melide).
Suplente: M^a del Mar Guardo Bande (administrativa do Concello de Melide).

VOGAIS:

- Javier Anido Vázquez (técnico de xestión económico financeira do Concello de Melide). **Suplente:** Mónica Seijas Rey (técnica de xestión, Concello de Toques).
- Guadalupe Vázquez Ascariz (traballadora social, Concello de Toques). **Suplente:** M^a Teresa Gómez Cea (psicóloga-técnica de intervención familiar do Concello de Boimorto).
- Joaquín Vázquez Rodríguez (técnico de normalización lingüística, Concello de Melide). **Suplente:** Sylvia Cea Vázquez (profesora lingua galega IES Ramón M^a Aller Ulloa de Lalín).

TERCEIRO: Constituír o tribunal o **venres día 29 de novembro de 2024 ás 13:00 horas**, na casa do Concello de Melide e de ser o caso tal e como se indica na base 7.1, proceder á realización da proba de coñecemento de galego ás 9:15 horas.

CUARTO: Publicar a devandita Resolución no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello: sede.concellodemelide.gal. Todas as publicacións posteriores faranse a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Melide.

Ordeno e asino en Melide, venres 22 de novembro de 2024. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria / María Cruz Andrade García.”

O que se publica para xeral coñecemento

Melide, venres 22 de novembro de 2024. Asdo: A secretaria xeral / María Cruz Andrade García.